



PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO B, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE (BOP núm. 116, do 23.05.2022), INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2019.

PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO (BASE XERAL 8.2.1)

PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo será de 10 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público).

MÉRITOS QUE DEBERÁN ACREDITARSE DOCUMENTALMENTE

Deberá presentar unicamente os documentos que acrediten os méritos que a persoa aspirante relacionou na súa solicitude de participación. O resto de méritos non serán tidos en conta polo Tribunal.

No suposto de que a persoa aspirante preste servizo a Deputación de Lugo, incorporárase de oficio a súa solicitude de participación no proceso selectivo, a certificación de servizos prestados e a Ficha Formativa na que figuran os méritos que constan acreditados no seu expediente, ao obxecto de non ter que volver a presentalos. Estes documentos deberán ser asinados e rexistrados pola persoa aspirante para darlle conformidade. O resto de méritos deberán acreditarse tal e como se sinala a continuación.

FORMA DE ACREDITACIÓN

Os méritos deberán acreditarse tal e como se sinala na Bases Específica 8 Fase de Concurso en cada un dos apartados.

As acreditacións deberán ser orixinais con código de verificación ou copias auténticas

LUGAR DE PRESENTACIÓN

a) Presentación telemática- Acceder a Sede Electrónica no apartado RRHH; identificarse mediante certificado dixital; acceder a súa solicitude de participación e incorporar os documentos que acrediten os méritos (que deberán ser orixinais con código de verificación en formato PDF), debendo asinar e rexistrar dito trámite.

b) Presentación no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo . Presentar os documentos orixinais que acrediten os méritos (dos que se realizará copia electrónica auténtica), facilitando o número de rexistro da solicitude de participación para ser incorporados na mesma.

c) Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto ca Sección de Selección no telefono 982 260 043.

O secretario do Tribunal,

	IV7AEIK535VM5DF56YNM4E7CCM	Fecha y Hora	17/11/2022 15:41:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEIK535VM5DF56YNM4E7CCM	Página	1/1

